



Núm. 97

Tomo 9.^o

nós



CASTELLÀS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Horas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscriptores

SUMARIO

A LÚA SIGUENTE....., por OUTEIRO ESPASANDÍN, (Poema).
EPIFANIA, por Xesús BAL, (música).

TRADUCCIÓN GALEGA DA OBRA DE S. MARTIÑO DE BRAGA «DE CORRECTIONE RUSTICORUM», por Paulino PEDRET CASADO.

EN PROCURA DA REALIDADE GALEGA. A NOSA UNIVERSIDADE, por Alvaro DE LAS CASAS ARQUIVO FIOLÓXICO I-ETNOGRÁFICO DE GALICIA.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda cría de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Xaneiro do 1932 ★ Núm. 97

A L Ú A S I G U E U T E

A lúa sigueute coma un cadelo de augas
pol-as ribeiras ô sesgo do planeta
cando na miña fronte
os ensoños pregan as ás.
Os mouchos abren o ollo esquierdo
nas penas parañeiras
cando as buxolas ventan os teus pasos.
Miña moza luada, decote antípoda
ô xogo dos loceiros
que che buscan as mans caídas como bágoas,
quezáis un dia, sin que eu sepa,
te recolla unha vaga
e te bote na orela da ribeira
morta pol-o arpón de un radiograma.

OUTEIRO ESPASANDÍN



E P I F A N Í A

POR XESÚS BAL

(De SETE PEZAS PRA CANTO E PIANO éncol das verbas de Amado Carballo).

*No queipo de vimio
o neno labrego
era un roibo Xesús pequenijo.*


(Do libro «Proel» de Amado Carballo).

AUTO - NOTA DE XESUS BAL

O piano desenrola as suxerencias dos poemas. A voz, mais que cantar, recita. O meirande esforzo acomprino en axeitar os sóns á mais correcta prosodia galega dentro do ámbito armónico imposto pola parte de piano.

Vivo
Piano { f.
Voz { mf.
No queipo de vimio

A page from a handwritten musical score for piano and voice. The score consists of three systems of music. The top system features a soprano vocal line with lyrics "o me-nô ba-brê-go" and "e-na-un" in a melodic line above a piano accompaniment. The middle system continues the vocal line with lyrics "rai-bo xe-zin pa-que-ni-rio" and includes dynamic markings like "mf." and "crac.". The bottom system shows a piano part with various dynamics and performance instructions like "Ped." and "pp". The score is signed "Heitor Villa-Lobos" and dated "Lugo, 1921".





Traducción galega da obra de San Martiño de Braga DE CORRECTIONE RUSTICORUM

POR PAULINO PEDRET CASADO

Ao Señor Don Xaqüín Arias Soutullo, que co seu espírito novo, co-a sua xenerosidade fidalga e co-a sua rexia rebeldía contra as inxusticias grandes e pequenas enséllanos aos galegos moitos cal é a maneira de dar comezo ao engrandecemento da nosa Patria.

INTRODUCCIÓN

Os suevos ao estabrecerse na nosa terra no ano 409 formaron un reino independente que comprendía primeiramente a Galiza romá constituida como provincia no ano 216 dempós de Xesucristo por decreto do emperador Antonino Caracalla, extendéndose dempós pol-a Lusitania. Requiaro, que reinou dende o ano 448 ata o 456, convirtéuse do paganismo en que vivia como os demás xermáns occidentáes ao cristianismo. Mais poucos anos seguiron esta relixión os suevos, pois Remismundo, que reinou dende o 464 ata o 469, fixose arriano.

Dende il ata Cariarico, segundo S. Goro de Tours, (538-594) que fala d'il na sua obra *De miraculis Sti. Martini*, non se sabe nada da historia dos suevos, pois Idacio, qu'é a fonte pra historia do comenzo do reino suevo na nosa terra, colle sómente d-o 379 ata o 468. Só se coñece por unha inscripción recollida por Hübner o nome d'un rei suevo Veremundo (485). S. Isidoro de Sevilla (570-636) en troques non fala de Cariarico e si de Teodomiro (559-569), que uns, como Mariana na sua *Historia de rebus Hispaniae* lib. V, cap. IX, Hefele; *Conciliengeschichte* tom. III, Dahn: *Die Könige der Germanen*, abtheilung 6, páx. VI e outros identifican co primeiro, mentres Flórez *España Sagrada* tom. II, páx. 145 e ss. e tom. XV, páx. 115, Gams: *Kirchengeschichte von Spanien*, II, 457, e outros distinguen-o de Cariarico. Baixo Teodomiro ou xa antes, se damos creto a S. Goro de Tours como parece debe ser, convirtironse os suevos ao Catolicismo e dende entón permaneceron fiés na fé católica. Mais o poder dos godos anceiosos de extender as suas conquistas pol-a península e imposibilitados de voltar ás Galias d-onde foran botados cuasi do todo polos frances baixo Clodoveo consiguen dempois de varias intervencións no reino suevo acabar con il no ano 584 sendo rei dos godos Leovixildo e o derradeiro rei suevo Andeca. — Dende arredor do ano 550 ata o 580 desenrolase no reino suevo a actividade d'un Santo esgrevio na cencia e cheo de prestixio S. Martiño de Braga. Nado n-a Pannonia viñera á esta nosa terra de tanta sona antre os ascetas oc-

cidentáes xa do século cuarto. Eiquí erguéu o mosteiro de Dumio, preto de Braga, capital dos suevos, e dende ali infreu na conversión d'estes xermáns. Probablemente denantes do ascenso de Teodomiro ou Ariamiro ao trono foi instituido bispo de Dumio e como tal asistiu ao primeiro Concilio de Braga (561). No segundo Concilio d'este nome xa o atopamos de metropolitán da cibdade capital dos suevos. No ano 580 morreu chorado pol-o pobo e a sua festa celébrase o 20 de Marzo como consta dos Breviarios antigos das Eirexas de Braga e d-Evora.

Son moitas as obras que conservamos d'il e foron editadas, unhas más, outras menos, varias vegadas, principalmente pol o P. Flórez na sua *España Sagrada* tomo XV, Apéndices. Como moralista da escola de Séneca distinguese na *Formula vitae honestae*, unha das mais soadas obras suas, chamada por S. Isidoro no cap. 22 de *De viris illustribus — De differentiis quatuor virtutum* — e que na Edade Media tivose xeralmente por escrito do devandito moralista cordobés, e na pequena obriña *De ira* dirixida a Wítimar, bispo de Auria (Ourense), que firmou no segundo Concilio de Braga (572) así como a *Formula* fora dirixida ao rei suevo Miro. Nela sigue o método da obra homónima de Séneca e ainda está chea de pensamentos collidos d'ista i-expresados á vegadas o mesmo literalmente. Tamén non hay razón pra negar a S. Martiño a paternidade dos tres pequenos tratados *Pro repellenda jactantia*, *Idem de superbia* e *Incipit exhortatio humilitatis*, qu-os manuscritos testimoñan e que n'un punto do *Idem de superbia* relazoánse con a sua grande obra *De correctione rusticorum*.

En troques hai que dubidar que seja de S. Martiño o libro *De moribus*, que n os manuscritos qu-expresan o autor atribúese á Séneca e ao que parece referirse o segundo concilio de Tours do ano 567 no canon 14 «..... sicut ait Séneca pessimum in eo vitium esse qui in id quo insanit caeteros putat furere» misturando así parte da sentencia 35 con parte da 36 do libro. Ademais a espresión da sentencia 76 «semper puta te coram ditis testimonium dicere» é moi improbable qu-a deixase incorrexa S. Martiño.

Ao culto cristián pertencen a *Epistola ad Bonifacium episcopum de trina mersione* e *De Pascha*. Bonifacio moi probablemente, como se deduz do contido das preguntas a que responde na sua epistola S. Martiño, pertence ao reino visigótico. O escrito *de Pascha* discutéuse moito que procedese do noso Santo mais non hai razón pra negarillo, pois ademais de traer o seu nome todolos manuscritos contén un paso moi semellante á outro más breve d-o *de correctione rusticorum* e concorde co dito pol-o can. 9.º d-o segundo Concilio de Braga.

No terreo d-o Dereito Canónico ademais das suas intervencións principáis nos dous primeiros Concilios de Braga, sobre todo n-o segundo, é dina de toda atención e loubanza a sua pequena colección de cánones coñecida co nome de *Capitula Martini*, sobre a cal pubriquei un traballo n-o tomo III dos Arquivos d-o Seminario de Estudos Galegos, ainda que cheo d-erratas por non ter podido correxir as probas, xa que m-atopaba entón lonxe de Sant-Iago.

Mais a más importante obra de S. Martiño de Braga é a chamada *De correctione rusticorum*. Denantes d-os estudos do sabidísimo teólogo historiador alemán e mestre da universidade da capital de Noruega Carlos Paulo Caspari soio coñecianse dous códices con elia, un toledán e outro vaticán. D-o primeiro, que pertenciu ao coengo de Toledo e dempués bispo de Segorbe, Xán Bautista Pérez (1537-1597), fixo unha copia o P. Burriel e segundo ela editouno o P. Flórez nos apéndices do tomo XV da *España Sagrada* (1759). O segundo, que só contén a primeira mitade da obra, editouno o eruditísimo Cardeal Mai no tomo III dos seus *Classici auctores ex Vaticanis codicibus editi* (1831).

Caspari nos anos 1876-82 atopou outros cinco códices, dos caes un é o Ber-

nensis 289 que contén toda a obra. Os outros son os Sangalenses 558 e 579, aos que lles fallan a carta á Polemio e as verbas introductorias, o *Codex Perizonii*, XVIII, L. 17, da biblioteca da Universidade de Leyden, que contén somente a derradeira terceira parte da obra, e o cód. 76 da Biblioteca da Escola de Medicina de Montpellier, que nos trasmite un compendio d'aquela.

De todo este material e d'unha sección dos *Dicta Abbatis Pirmintii de omnibus libris canonicis scarapsus*, que en parte está inspirado na obra de S. Martiño e chega a trascribir párrafos enteiros dila, constituéu o texto da edición sua o Caspari na sua obra *Martin von Bracara's Schrift De correctione rusticorum*, etc., Cristianía, 1883.

Sostén o sabido mestre que o Vaticán é o máis fiel dos códices e que dempóns ven o Bernense, ainda que na trasmisión do Simbolo hai que darlle o lugar primeiro ao Toledán. A traducción que ofrecemos é a d-o texto reconstruído por Caspari e que por outra parte é a única edición do escrito enteiro, pois á edición do Flórez consecuente c-o códice toledán fálalle a epistola a Polemio e dende a mitade do párrafo 17 ata o fin.

Mais non s-esgotou a fecundidade de S. Martiño nas suas obras orixináes senón que fixo ademais a traducción do grego ao latín das *Aegipitorum Patrum sententiae* editada por Rossweyde ao fin do apéndice ás *Vitae Patrum* e dempóns por outros, entre os caes está o P. Flórez, e ainda mandou ao monxe dumicense Pascasio que traduxese tamén d-o grego as *Verba seniorum* editadas dempóns d-outros por Rossweyde como libro séptimo das *Vitae Patrum* en Amberg no ano 1615. Este Pascasio aparez no título da sua traducción como diácono da Santa Eirexa Romá e por Sigeberto de Gembloix é chamado simpresamente diácono, o que pode moi ben basarse, como xa observou Rossweyde na obra susomentada, n-un trabucamento c-o diácono Pascasio de quen fala S. Goro o Magno n-o libro IV dos Diálogos.

A figura de S. Martiño n-o século VI, en que froroceron Apringio de Badaxós, Xusto d-Urxel, Liciniano de Cartaxena e S. Leandro, a os caes todos supera pol-o número d-os seus escritos esprende máis alá da península e renova o primeiro tempo glorioso da nosa Galiza ao final do século IV e n os comenzaos d-o V, cando Eterio Prisciliano, Orosio, Requiario, os dous Avitos e S. Toribio facían resoar o nome d-a nosa Patria en todo o mundo cristián. Chegado á Terra n-uns momentos en que Xustinián matinaba reconstituir o antigo impero i-en que os gregos por tanto poñían o pe n-a península como amigos do goðo Atanaxildo (por este tempo asinala dous metropolitáns gregos sucesivamente de Mérida: Paulo e Fidel, Paulo de Mérida en *De Vita PP. Emeritensium* escrita arredor do ano 630 i-editada na *Patrologia Latina*, tom. 80) foi o primeiro que n-unha época de colleita dos lauros d-a antiguedade cristiá deitounos sóbor da España e o diretor relixioso d-o reino suevo n-o seu derradeiro período católico. Iste xermáns n-estreitas relacións c-os francos, qu-ainda que non tan brillantes como á primeiros d-o século VI antre outras causas pol-as divisiones feitas n-o reino de que dou funesto exemplo o gran conquidor Clodoveo (m. 511), seguían sendo ainda os famosos xermáns católicos nemigos naturáes dos visigodos, á cuio engrandecimento tanto medo tiñan, diron por primeira vez n-a península o espeitáculo de protección mutua do poder eclesiástico e d-o poder civil. O representante d'aquel foi S. Martiño, mentras viviu o seu metropolitán Lucrecio pol-a sua sabencia e santidade, dempóns, por derecho propio da sua autoridade eclesiástica de tal maneira, que o fecundo poeta e bispo de Poitiers Venancio Fortunato, outró-súbdito do rei franco c-o que estivo en relación o noso Santo, non dubida en comparal-o a os apóstoles (*Carmina V. 2 v. 9-18*). E a sua morte foi o desparecemento da soma proteitora dos reis suevos. A envexa xa secular d-os visigodos e as arco las conquidoras de Leovixildo, rei d-istes, atoparon n-a protección d-o suevo Mir

á rebelión de S. Hermenexildo fillo d'aquél, o pretesto pra finar co-a independenza sueva.

Observacións sóbor DE CORRECTIONE RUSTICORUM.

Esta obra dada á conocer por Flórez non ten o mesmo tíduo nos diversos manuscritos. O vulgar é como a chaman os Breviarios d'Evora, Braga, etc., e que lle conservou o insine autor da *España Sagrada*. A data da sua redacción parece estar relazoadas co segundo Concilio de Braga, en cuio cónon 1º dispúxose qu'os bispos visitasen as suas diócesis, estudasen cómo os cregos executaban as suas funcións, principalmente o bautismo e a misa, e predicasen contra os ídolos, de todo o cal é un modelo como habían de facelo a predicación de S. Martiño, que acompaña a epistola sua a Polemio, bispo d'Astorga, que tamén suscribou aquel Concilio. Así é qu'a composición do *De correctione rusticorum* pode pórse con bastante seguridade nos anos próximos seguintes ao 572.

Os errores que asinala S. Martiño non son privativos do pobo occidental da península senón que s-atopan tamén na sua maoria na mitoxia greco-romana. Indubidabremente antr'os campesiños debía haber moitos suevos polo reparto das terras, como observan Gaupp en *Germanische Ansiedelungen und Landtheilungen*, páx. 433 e ss. e Dahn en *Die Könige der Germanen*, I, páx. 145 e ss. e 6, páx. 573, mais, ou xa estaban moi romanizados, como pensa Caspary na páx. 91 da sua obra, ou S. Martiño de cultura greco-romana non entró nas suas peculiares notás relixiosas. O que é seguro é qu'o arrianismo n'-iles desapareceu radicalmente máis axiña que nos visigodos, ainda suposta a diferenza de tempo das respectivas conversións. Nos Concilios primeiro e segundo de Braga xa non se fala d'il.

A sifificación de predicador esgrevio, que mostra S. Martiño, ponno quasi ao nível do gran reformador das costumes d'a Galia Meridional un pouco anterior á él, S. Cesáreo de Arlés (470-542). Unicamente o estílo do *De correctione rusticorum* é menos outo que n'-os outros escritos seus.

Respeito á utilización d'a obra por outros autores asinala a d-os seguintes Caspary na páx. 109 e ss. do seu devandito escrito: a probabilísima de Audoeno ou Dado de Ruán (sec. 7) na *Predicación de S. Eloy de Noyón* (sec. 7) inserta na Vida de éste feita por aquél, seguramente a do glorioso fundador e reformador de mosteiros na Europa Central S. Pirminio (sec. 8) nos seus *Dicta abbatis Pirmini, de singulis libris canonici scarapsus*, e seguramente tamén, n'unha homilia anglo-saxona do Abade Alfric (arredor do ano 1000).

Indubidabelmente como dí Duchesne en *L'Eglise au VI siècle*, páx. 568: *De correctione rusticorum* tivo axiña unha grande sona i-é un dos documentos más curiosos tanto da catequesis eclesiástica como da sobrevivencia do paganismo nos pobos cristiáns.

T R A D U C C I Ó N

Martiño bispo ao señor beatísimo e por min amadísimo, irmán en Cristo, Polemio bispo.

I Recibín as letras da tua santa caridade, nas que m'escribiches que che compuxese algunas cousas sóbor do orixe dos ídolos e dos crimes d'-iles, un pouquiño do

moito que hay escrito, pra corrección dos campesiños que, detidos pol-a antiga superstición dos pagáns ainda, dan culto de veneración máis aos demos qu'a Deus. Mais, porque convén ofercerllles e como pra gusto d'arlles unha pequena noticia dende o comenzo do mundo, foime perciso atinguir co-

sucinto linguaxe d-un lixeiro compendio o enorme bosque dos tempos e dos feitos passados con verba rústica. Así por tanto co-a axuda de Deus será o comenzo da tua predicación:

2 Desexamos, fillos carísimos, anunciar-vos no nome do noso Señor Xesucristo o qu'endexamais ouvíchedes ou o que cicáis ouvido dichedes ao esquencemento. Pregamos, por esto, á vosa caridade qu'ouzades atentamente o que se dí pol-a vosa saúde. Longo por certo narrase o orden dilo nas Escrituras divinas, mais pra que gardedes na memoria algunha cousiña vos comendamos de moitas ideias poucas.

3 Cando Deus fixo no principio o ceo e a terra, n-aquela ceestial habitación formou as criaturas espirituáes, ou scian os ánxeles, pra que estando na sua presencia o loubasen. Dos cás un que fora feito o arcánxel pirmeiro de todos, vénose brilando en tanta groria, non dou honor ao seu creador senón que se chamou semellante a El e por ista soberbia con outros moitos ánxeles que con il consintiron foi botado d aquela sede ceestial n'iste ar que está debaixo do ceo e o qu-era o arcánxel primeiro, perdida a lus da sua groria, foi feito o tebroso e horrible demo. Semellantemente tamén aqués outros ánxeles qu'estiveron conformes con il, botados do ceo e perdido o seu esprendor, foron feitos demos. Mais os demáis ánxeles que foron sumisos á Deus perseveran na presencia d'El, na groria da sua craridade e son chamados ánxeles santos. Pois aos que c-o seu príncipe Satanás pol-a súa soberbia foron botados chámases ángeles tránsfugas e demos.

4 Dempois d'ista ruiña anxélica praceúlle á Deus facer ao home da lama da terra, ao que puxo no paradiso, e dixolle que, se gardaba o preceito do Señor, sucederia n-aquel lugar ceestial aos ánxeles tránsfugas, que d'ali cairan, mais, se transgredia o preceito de Deus, que morrería. Vendo logo o demo que por esto fora feito o home pra que lle sucedese no reino de Deus no seu lugar d-onde il cairá, guiado pol-a envexa aconse-

llóu ao home que traspasase os mandados de Deus. Pol-a cal ofensa foi botado o home do paradiso no desterro d'iste mundo, onde padecería moitos traballos e dóres.

5 E foi chamado o pirmeiro home Adán e a sua dona, que Deus creóu da carne d'aquil, foi chamada Eva. D'istes dous homes propagouse todo o xénero humán. Que, esquençidos do seu Creador e facendo moitas maldades, levaron á Deus á ira. Pol-o cal mandou Deus o diluvio e perdéu á todos, excepto o único xusto por nome Noé, á quem reservou cos seus fillos pra reparar o xénero humán. Así d-o pirmeiro home Adán ata o diluvio pasaron 2.242 anos.

6 Dempois do diluvio foi de novo restaurado o xénero humán pol-os tres fillos de Noé reservados co-as suas donas. E ao comenzar á cubrir o mundo a moitedume crescente, esquençando de novo os homes á Deus creador do mundo, encetaron a adorar as criaturas abandoando o Creador. Uns adoraban o sol, outros a lúa ou as estrelas, outros o lume, outros a auga profunda ou as fontes das augas creendo que todas estas cousas non foran feitas por Deus pra uso dos homes senón que nascidas de si mesmas eran deuses.

7 Entón o diaño ou os seus ministros os demos, que do ceo foran botados, vendo qu-os homes ignorantes erraban antre as criaturas, abandonalo o seu Creador, encetaron á mostrárselles en diversas formas e á falar con iles e á pregárlles que nos montes outos e nos bosques frondosos lles ofercesen sacrificios e os adorasen no lugar de Deus imponiéndose os nomes d homes criminaes que pasaran a vida en todolos crimes e maldades, e así un dícia qu-era Xúpiter, que fora mago e tan incestuoso na sua fornicación, que tivera por dona á sua irmá chamada Xuno, corrompera á Minerva e á Venus suas fillas e deshonrara torpemente á toda a sua parentela. Outro demo chamouse Marte, que fora autor de litixios e discordias. Outro optou por chamarse Mercurio e fora inventor enganoso de todo furto e fraude, ao que os homes cobizosos pasando pol-as pra-

zas e botándolle pedras ofércenlle moreas d illas como á Deus do lucro. Outro demo adscribéuse o nome de Saturno, o que vivindo en toda crueldade hastra devoraba os seus fillos ao nascer. Outro demo tamén finxéu qu-era Venus, que foi muller prostituta. Non só fornicou con innumerabres adulteros senón tamén co seu pai Xúpiter e co seu irmán Marte.

8 Vede como foron n-aquil tempo estes homes perdidos, qu-os iñorantes campesiños honraban pol-as suas ocurrencias pésimas e culos nomes puxérонse os demos pra que os adorasen como deus e lles ofercesen sacrificios e imitasen os feitos d-aqueles cujos nomes invocaban. Tamén lles aconsellaron os demos que lles fixesen tempros e n-iles puxesen imaxes ou estatuas d-homes malvados i-erguesen altares, nos que non soio derramasen o sangue dos animáes senón tamén o dos homes no seu honor. E ademáis d-isto, moitos demos dos que foran espulsados do ceo presiden no mar, nos ríos, nas fontes e nos bosques, aos que semellantemente os homes iñorantes de Deus adoran como deuses e lles ofercen sacrificios. E no mar chaman Neptuno, nos ríos Lamias, nas fontes Ninfas, nos bosques Dianas, os cás todos son demos i-espiritos malíños que danan i-at tormentan os homes infíées que non saben defenderse co sino da crus. Non embargante esto, non sin permiso de Deus danan, pois (taes homes) teñen irritado á Deus e non cren na fe de Cristo de todo curazón senón que son tan dubidosos, que poñen os nomes dos demos á todolos días e chaman dia de Marte e de Mercurio e de Xúpiter e de Venus e de Saturno, que ningún día fixeron senón que foron homes pésimos e malvados no pobo grego.

9 Mais Deus omnipotente, cando fixo o ceo e a terra creóu d'aquela a lus, que volveu sete veces pra distinción das obras de Deus. Pois o dia primeiro Deus fixo a lus, que foi chamada dia. O segundo foi feito o firmamento do ceo. O terceiro foi separada a terra do mar. O carto foron feitos o sol, a lúa e as estrelas. O quinto os cuadrúpedos, os volátiles e os peixes. O sexto foi formado o

home. E o séptimo día, compreto o mundo todo e o seu adorno, chamouno Deus descanso. Por tanto a única lus, que foi feita a pirmeira antre as obras de Deus, en revolución sete veces pra distinción das obras de Deus, foi chamada semán. Que toleria é así qu-o home bautizado na fe de Cristo non garde o dia de domingo, no que Cristo resuscitou e diga que guarda o dia de Xúpiter, o de Mercurio, o de Venus ou o de Saturno, que non teñen ningún dia senón que foron adulteros, magos, inicuos e mortos malamente na sua terral. Mais, como dixemos, baixo a especie d-istes nomes eshibese polos homes nescios veneración e honor aos demos.

10 Semellantemente tamén seduxo os homes rústicos e iñorantes o error de pensar qu-as calendas de Xaneiro son o comenzo do ano, o que é falsísimo de todo. Pois, como dí a Escritura, o oito denantes das calendas d-Abril no mesmo equinoccio, foi feito o comenzo do ano. Pois así lese: *divisit deus interlucem et tenebras;* mais toda reita división ten igualdade así como no oito antes das calendas d-Abril ten o diatanto espacio d horas como a noite. E por isto é falso qu-as calendas de Xaneiro seian o comenzo do ano.

11 ¿E qué ha de dicirse con dor d-aquel nescísimo error, pol-o que observan os días das apolillas e dos ratos, e s-é lícito dicir qu-o home cristian venere no lugar de Deus os ratos e as formigas? Aos que se non lles alonxasen as copas, as arcas, o pan ou o pano pra defendelos, non perdoarian de ningunha maneira o qu-atopasen exposto á eles. Mais sen causa o home miserabre false estas figuranzas, pra que como na entrada do ano está farto e alegre por todo, así lle suceda tamén en todo o ano. Todas estas prácticas dos pagáns foron buscadas pol-as invencións dos demos. Mais Jay do home, que non tivera á Deus propicio e por El non lle fose dada a abundancia do pan e a seguridade da vida! Vede que facedes xa oculta, xa craramente, estas supersticións vás i-endexamáis cesades d-istes sacrificios dos demos. E por qué non vos outorgan que sempre estedes fartos e seguros e ledos? por qué

cando Deus s-encarráxa non vos defenden estes vans sacrificios da langosta, dos ratos e d-outras moitas tribulacións que Deus encarraxado vos manda?

12 - ¿Non entendedes craramente que vos minten os demos n-istas vosas prácticas que vaamente gardades e n-os agoiros á qu-attendedes frecuentemente vos enganan? Pois como dí o sabidísimo Salomón: *Divinationes et anguria vana suut*, e canto n'elas esperase o home tanto se trabuca o seu corazón *Ne dederis in illis cor tuum quoniam multos scandalizaverunt*. Vede qu-isto o dí a Escritura santa e así é certisimamente. Porque os demos persuaden pol-as voces das aves ós home infelices ata que por cousas frivolas e vaas perdan a fe de Cristo e incurran de repente na ruiña da sua morte. Non mandou Deus qu-o home coñeza o futuro senón que, vivindo sempre no seu temor, d'El espere o governo e o auxilio da sua vida. A só Deus pertence saber algo antes de que suceda, mais aos homes vans os demos os enganan en diversas argucias ata levalos á ofender á Deus e arrastrar as suas almas con eles ao inferno, como dende o principio fixeron pol-a sua envexa, pra que o home non entrase no reino dos ceos, do que eles foran botados.

13 - Pol-a cal causatamén ao ver Deus qu'os disgraciados homes eran enganados pol-diaño e os seus ánxeles tanto qu'esquesendo o seu Creador adoraban por Deus os demos mandou o seu Fillo, esto é-a sua sabencia e verbo, pra volvelos do error do diaño ao culto do Deus verdadeiro. E porque non podía a divinidade do Fillo ser visto pol-os homes tomou carne humá do ventre de María Virxe, concebida non de cópula d-home senón do Espírito Santo. Nacido así en carne humá o Fillo de Deus permanecendo por dentro Deus invisibile e por fora home visibile predicou aos homes: ensinóllles á sair da potestade do diaño abandoando os ídolos e as obras cativas e á volver ao culto de Deus. Dempois d-ensinar quixo morrer pol-o xénero humán. Padeceu a morte voluntariamente non contra a sua vontade, foi crucificado pol-os xudeos baixo o xuíz Poncio Pi-

lato, quen orixinario da provincia do Ponto n-aquil tempo presidia a provincia de Siria; descendido da cruz foi posto no sepulcro. O terceiro dia rexurdéu vivo d'entre os mortos e por corenta dias conversou cos doce discípulos e coméu diante d'iles dempós da resurrección pra mostrar qu-a sua carne verdadeira rexurdira. E pasados corenta días mandou ós seus discípulos qu-anunciasen á total-as xentes a resurrección do Fillo de Deus e os bautizasen no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo pra remisión d-os pecados i-ensinasen aos que foran bautizados á alonxarse das obras cativas, esto é dos ídolos, do furto, do perxurio, da fornicación e que non fixeran á outros o que non quixeran qu-a iles lles fixesen. E dempós que mandou esto, védoo os mesmos discípulos, ascendeu ao ceo e ali está sentado á destra do Pai e d-ali ha de vir ao fin d'iste mundo co-a mesma carne que consigo levou ao ceo.

14 - E cando chegue o fin d'iste mundo todolos pobos e todo home que trai o seu orixe d-aqueles primeiros homes, esto é, d-Adán e d-Eva, rexurdirán, os bos e os malos, e todos han de vir á diante do xuicio (de Cristo) i-entón os que foron bos na sua vida serán separados d-os malos i-entrarán n-o reino de Deus e os ánxeles santos i-estarán as suas almas co-a sua carne no descanso eterno pra non morrer nunca máis. Onde xa non habrá ningún trabalho ou dor, nin tristeza, nin fame ou sede, nin calor ou frío, nin tebras ou noite senón que sempre ledos e satisfeitos na lus, na gloria, serán semellantes aos ánxeles de Deus porque mereceron entrar xa n-o lugar d'onde caeu o diaño e os ánxeles que consintiron con él. Ali por tanto todolos que foron fiées á Deus permanecen eternamente. Pois os que foron incrédulos ou non foron bautizados ou se foron bautizados dempós d-o seu bautismo outra vega da volveron aos ídolos e homicidios ou adulterios ou perxurios e á outros males e sin peccanza finaron, todolos que así fosen atopados serán condeados c-o diaño e con todolos demos que veneraron e cujas obras fixeron e serán mandados co-a sua carne ao fogo eterno no inferno onde o fogo inestinguible vivirá perpetuamente e a carne xa

recobrada pol-a resurrección é atormentada eternamente e xime e anceia outra ves morrer pra non sentir penas, mais non se lle permite morrer pra que sufra tormentos eternos. Vede qu-isto di a lei, isto falan os profetas, e testemoñan o evanxeo de Cristo, os apóstoles e toda a santa Escritura estas cousas, das que ainda que moi pouquifio entre tantas vos falamos sinxelamente agora. A vós corresponde por ende, fillos carísimos, lembrar o que dixemos e obrando ben esperar o descanso futuro no reino de Deus ou o que non seial obrando mal esperar o fogo perpetuo qu-ha de ser n-o inferno. O qu-elixere cada un, eso terá.

15 Por tanto fiées, que no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo vos achegáchedes ao bautismo de Cristo, considerade cal pacto fixérades con Deus no mesmo bautismo. Pois cando cada un dichedes o voso nome nas fontes vgr. Pedro ou Xán ou calqueira outro, fúchedes así interrogados pol-o sacerdote: *Quomodo diceris?* Respondiches ou ti, se xa podías responder, ou certo quen por tí fixo fe, quen te tomou da fonte e dixo vgr. *Joannes dicitur.* E perguntou o sacerdote: *Abrennuntias diabolo et angelis eius, culturis et idolis eius, furci et fraudibus, fornicationibus et ebrietatibus ejus et omnibus operibus eius malis?* *Abrennuntias?* E respondiches: *Abrennuntio.* Dempois d-ista renunciación do diaño d-e novo fuches perguntado pol-o sacerdote: *Credis in Deum Patrem omnipotentem?* Respondiches: *Credo.* E in Xesu Christo filio eius unico deo et domino nostro, qui natus est de Spiritu Sancto a María virgine, passus sub Poutio Pilato crucifixus et sepultus, descendit ad inferna, tertia die resurrexit vivus a mortuis, ascendit in coelos, sedet ad dexteram Patris, inde venturus indicare vivos et mortuos? *Credis?* E respondiches: *Credo.* E de novo fuches interrogado: *Credis in Sanctum Spiritum, sanctam ecclesiam catholicam, remissionem omnium peccatorum, carnis resurrectionem et virtutem aeternam.* E respondiches: *Credo.* Por tanto considerade o pacto que fixéchedes con Deus no bautismo. Prometichedes que renunciábades ao diaño e aos seus ánxeles e á to-dal-as suas obras malas e confesáchedes que

crefiades no Pai, no Fillo e no Espírito Santo e qu-esperabades no fin dos séculos a resurrección da carne e a vida eterna.


16 Vede cal caución e confesión vosa é tida ante Deus. E como algúns de vós que renunciaron ao diaño e aos seus ánxeles e ás suas veneracións e ás suas obras malas agora volven ás veneracións do diaño? Pois acender cirios ás pedras e aos arbres e ás fontes e pol-as prazas? qué outra cousa é senón veneración do diaño? Observar a adivinación, os agoiros e os días dos ídolos qué outra cousa é senón veneración do diaño? Pór ás mulleres o nome de Minerva n-as suas teas e observar e adicar o día de Venus aos casamentos e reparar no dia en que se sal de viaxe qué é senón veneración do diaño? Encantar as herbas pra os maleficios i-encantando invocar os nomes d-os demos qué é senón veneración do diaño? E outras moitas cousas qu-é longo dicir. Vede que facedes todas estas cousas Dempoís da renunciación do diaño e volvendo á veneración dos demos e ás malas obras d-iles traspasáchedes a vosa fe e rompichedes o pacto que fixéchedes con Deus. Abandoñchedes o sino da crus que recibichedes n-o bautismo e atendedes á outros sinos do diaño pol-as aves i-espírros e por outras moitas cousas. Por qué á min ou a calqueira outro cristiano reito non nos dana o agoiro? Porque cando precedeu o sino da crus nada é o do diaño. Por qué vos dana á vos? Porque despreciáchedes o sino da crus e respetades o que vós mesmos vos fixéchedes como sino. De igual maneira abandoñchedes o santo encantamento, esto é: o símbolo que recibichedes no bautismo, que é *Credo in Deum Patrem omnipotentem* e a oración dominical esto é *Pater noster qui es in coelis* e gardades os encantamentos e composición diabólicas. Por tanto quenqueira que, despreciando o sino da crus de Cristo, olla á outros sinos perdéu o que recibeu no bautismo. De igual modo tamén quen guarda os outros encantamentos inventados pol-os magos e feiticeiros perdéu o santo encantamento do símbolo e da oración dominical que recibeu na fe de Cristo e pisou ista, pois non poden ser á un mesmo tempo venerados Deus e o diaño.

17 Se por tanto conocichedes, fillos queridísimos, todas estas cousas que dixemos e s-algún cofice qu'il Dempóis do bautismo as fixo e que rompéu a fe de Cristo, non desespere de si nin diga no seu curazón: Xa que fixen tantos males Dempóis do bautismo cáais Deus non me perdoe os meus pecados. Non dúbides da misericordia de Deus. Soio fai no teu corazón pacto con Deus de non observar más o culto dos demos e non adores á outro más qu-a Deus do ceo, nin fagas homicidios, nin adulterio ou fornicación nin furto nin perxures. E cando teñas prometido esto de todo o teu corazón á Deus e non fagas más estes pecados, espera con confianza o perdón de Deus. Porque así dí Deus pol-a Escritura profética: *In quacumque die in justus oblitus fuerit iniquitates suas et secerit justicias et ego obliriscar omnes iniquitates ejus.* Logo Deus agarda a peedenza do pecador. Mais esta peedenza é verdadeira cando o home non fai mais os males que fixo senón que pide perdón dos pecados pasados i-é cauto do futuro pra non volver de novo aos mesmos senón que pol o contrario fai obras boas, cando estende a esmola ao probe famento e restaura ao hóspede cansado e todo o que queredes que se vos faga fácello aos outros, pois n estas verbas comprende os mandamentos de Deus.

18 Pregámosvos por tanto, irmáns carísimos; que gardedes na memoria estos preceptos divinos que Deus dinase darvos por nós humildísimos e pequenos pra proveito das vosas almas, que non soio pensedes n ista vida presente e na utilidade transitoria d-iste mundo senón que recordedes más o que prometicchedes de novo no símbolo que vós creiades, esto é: a resurrección da carne e a vida eterna. Logo creichedes e creedes qu-haberá resurrección da carne e a vida eterna no reino dos ceos antr-oos ánxeles de Deus como xa vos dixemos denantes. Por elo meditade moitosimo, e non sempre n a miseria d-iste mundo. Preparade os vosos camiños con obras boas, frequentade a ei-rexa ou os lugares dos santos pra pregar á Deus. Non despreciedes senón observade

con reverencia o dia do Señor que chámase domingo, porque o Fillo de Deus, o Noso Señor Xesucristo, n-el rexurdéu dos mortos. Non fagades obras servies no agro, no prado, na viña ou outras importantes no domingo agás do que pertence á necesidade de restaurar o corpo pol o cocimento da comida e a obriga d-un viaxe longo. E nos lugares preto é lícito facel o camiño pro non por ocasións malas senón por boas: esto é andar aos lugares santos ou visitar un irmán ou amigo ou consolar un enfermo ou levar ao atribulado consello ou axuda por boa causa. Así por tanto está ben á un cristián venerar o dia de domingo. Pois bastante inicuo e torpe é qu-os que son pagáns e iforan a fe de Cristo e adoran os ídolos dos demos garden o dia de Xúpiter ou de calqueira outro demo e s abstefan de traballos cando de certo os demos nin crearon nin teñen ningún dia. E nós, que adoramos e creemos qu-o Fillo de Deus rexurdéu d-os mortos, non veneramos o dia da sua resurrección, esto é: o dia de domingo. Non fagades logo inxuria á resurrección do Señor senón que honráde-a con reverencia pol-a espranza nosa que temos n-ela. Pois como o mesmo Noso Señor Xesucristo filio de Deus, qu-é nosa cabeza, rexurdéu o terceiro día na sua carne dos mortos, así támén nós, que somos os seus membros, esperamos qu-hemos de resucitar na nosa carne ao fin dos séculos, pra que cada un reciba ou o descanso ou a pena eterna segundo obróu co seu corpo no século.

19 Vede que nós falando agora baixo o testemólio de Deus e dos santos ánxeles, que nos oen, pagamos á vosa caridade a nosa díbida e vos prestamos o dñeiro do Señor como por precepto temos. A vós tócavos agora pensar e procurar como cada un volva á presentar no día do xuicio ao Señor, que ven, canto recibéu e con usura. Preguemos á cremencia do mesmo Señor que nos custodie de todo mal e nos faga dinos compañeiros dos seus santos ánxeles no seu reino presidindo El que vive e reina xuntamente co Pai e o Espírito Santo pol-os séculos d-os séculos.—AMÉN.



EN PRECURA DA REALIDADE GALEGA

A N O S A U N I V E R S I D A D E

POR ALVARO DE LAS CASAS.

COMPRE faguer lús no compreexo problema da nosa Universidade: compre afondar no seu estudo na seguridade de que n-ele, na sua realidade, no desenrolo dos termos en que se pranteia, fica unha das metas á conquerir pol-o galeguismo. Eu quero pranteiar a primeira premisa: que é o que pensan da Universidade compostelán os seus mestres e os seus estudiantes mais representativos. Procuréi á uns e á outros perguntándolles en col das interrogacíos que percisan aristas mais saintes e pranos mais sinalados. Non ha sere perciso engadir que perguntéi á proprios e alleos, a galeguistas e antigaleguistas, pra que a visión ofreza toda caste de matices. Ollade as respostas. Quen conoza a vella e groriosa escola de Compostela —todolos nosos leitores e cantos sintan certo intrés pol-a vida intelectual das Hespafías— saberá da outa categoría dos perguntados, homes de forte e rexo prestixio nas Ciencias e nas Letras.

COMO DEBERAN PROVERSE AS CADEIRAS

A realidade dinos que por oposizón, o ideal aconsellaría a libre desíñazón—dinos o reitor DR. CADARSO.

Eiqui, na Hespafía, onde non hai ética, por oposizón que é o que ofréz mais garantias; o ideal sería a provisión por méritos e capacidade pedagóxica—dí o eispresidente da F. U. E. GARCIA SABELL.

Por oposizón pro tendo en conta o historial de cencia do solicitante e a sua capacidade pedagóxica; a oposizón entre auxiliares e as auxiliarias entre axudantes—dinos o lente DR. MORALEJO.

Distingo duas crases de cadeiras: as de outa investigazón e as teórico-prácticas; pra éstas oposizón libre, sorteando a Universidade onde a oposizón se faría, e pra aquelas libre desíñazón entre lentes—dí o auxiliar D. MARIANO GARCIA.

Por seleición do persoal docente fundada na laboura investigadora e de cadeira—dinos o auxiliar Sr. TOBIO.

Oxe a oposizón é falsa; o ideal sería cubrillas como na Alemaña entr-los prestixios do país, sin ter en conta tidoos más ou menos ben arranxados. Esto agora é difícil pol-a pouca civilidade dos hespafíos—dinos o presidente da F. U. E. CARBALLO CALERO.

A oposizón é o menos ruín, pro bó seria modificar o seu mecanismo e a sua orientación no senso de que pesase ainda más a histórica docente e investigadora, e non o memorismo, do candidato—dinos o lente-segredario DR. ARIAS RAMOS.

Coma se ordea faguer na derradeira reforma—dinos o lente e vicerreitor DOCTOR MONTEQUI.

Por concurso de méritos serio e o máis eficaz posibre; e que o lente endexamais forra á perpetuidade, sinón por revisión feita de cinco en cinco anos—dinos o lente do Instituto DR. LOIS IGLESIAS.

Por concurso-oposizón —dí o decano da facultade de Letras DR. PEREZ BUSTAMANTE.

Pol-a histórea científica do candidato, sometido, ademais, á certas probas perante algun tempo—SEOANE.

Os ensinos prácticos por concurso e os teóricos por concurso-oposición—SEIXO.

Por concurso atendendo aos traballos científicos e de investigación na disciplina, e más á práctica probada no ensino—PEREZ GOMEZ.

Dende logo sin oposición; o ideal é que os

craustros elixan libremente entr as capacidades científicas do país e as xentes adjudicadas más fecundamente ao ensino—dí o lente DR. CALVET.

Por concurso—HONTORIA.

Por concurso-oposición. Na Universidade deberíase ingresar de axudantes, pasar logo a auxiliares e d-entre os auxiliares, cando se tivese demostrado capacidade pedagóxica e científica, escoller os lentes—VAZQUEZ.

SI É PERCISO ESTABRECEL EN COMPOSTELA OS ENSINOS DO DOITORAMENTO

É unha necesidade imperiosa—dí o REITOR.

Sí, mais despois de refeita a Universidade; oxe seria perxudicial—dí GARCIA SABELL.

Imprescindibles despois de compretado o profesorado e nomeados novos lentes de estudios especiaes—dinos o DR. MORALEJO.

Dende logo: eíqui debería compretarse a formación do alumno, sinón non é Universidade—dí o PROF. MARIANO GARCIA.

A Universidade non é completa, non existe, sinón ten todolos grados—dinos o PROF. LOIS TIBIO.

A Universidade ten de sere autónoma e bastarse á si mesma—dinos CARBALLO CALERO.

Sí, pro un doitoramento que non sexa unha farsa; oxe non temos meios. Pro eu non sei que poida maximarse unha Universidade sin doitoramentos—dí o DR. ARIAS RAMOS.

Non. O eisencial do doitoramento é a te-

sis. Cando se fagan tesis d-abondo poderá maximarse en todolos grados—dí o DOCTOR MONTEQUIL.

Sen dúbida que sí; non hai razóns pra que Madrid teña un privilexio—dí o DR. LOIS IGLESIAS.

Non; o sustantivo dos doitoramentos é a investigación e eíqui non se pode labourar n'este senso—dí o DR. PEREZ BUSTAMANTE.

Dende logo que sí—SEOANE.

Sin vacilacións—SEIXO.

Si ha sere como é oxe, non; si vai trocar-se nun verdadeiro doitoramento, a base de especializacións, sí, dende logo que sí—PEREZ GOMEZ.

Sin dúbida, pro un doitorado serio e eficaz—CALVET.

Todalas universidáis deberán ter as mesmas prerrogativas—HONTORIA.

Penso que a colación de doitoramentos debería ficar reservada á Universidade de Madrid—VAZQUEZ.

À NOSA UNIVERSIDADE FALTALLE....

Comprestar as facultades, ter maior apoio económico do Estado e persoal subalterno—dí o REITOR.

Voltar as costas á Madrid. Madrid fixonos á ideia de que sin diñeiro non se podía vivir, e negónos o diñeiro. Non fíguemos ren por acreditar en tal patarada e non ter cartos. Non se traballa sin diñeiro, é verdade, pro sí con moi pouco diñeiro. Temos de voltar as costas á Madrid

e procurar nós o noso diñeiro—dinos GARCIA SABELL.

Comprestar o profesorado das facultades xa eisistentes e faguer que todolos lentes cumpran as suas obrigas. Que non perdan día, que fiquen eíqui, que se vinculen á Compostela. Faltan tamén meios de traballo: na nosa facultade non temos revistas—dí o DR. MORALEJO.

Faltan meios de traballo, como á total-as

outras universidades, reaxuste entre o que foi e o que ten de sere, e nova cidadanía que contrarreste a vella influenza burguesa de Compostela—MARIANO GARCIA.

Compenetración co-a vida galega; oxe estamos divorciados—LOIS TOSIO.

Rematar o divorcio que ainda se mantén entre lentes e máis estudiantes; orientación ao práctico e seminarístico—CARBALLO CALERO.

Que non fuxan os lentes; que se encontren ben elquí. É perciso pra eso dár-lles meios de vida, limpas e novas mouradas, etc.—dí o DR. ARIAS RAMOS.

Libros e revistas—dinos o DR. MONTEQUI.
Libros, moitos libros, e boas revistas. Percisamos as revistas de todo o mundo culto—dí o DR. IGRESIAS.

Trocalá totalmente na sua orgaización. De momento a falta na que máis se repara é

nos poucos lentes que ten e ainda moitos deles o pouco que se lles vê polas aulas—SEOANE.

Falta, primeiramente, unha boa residencia de estudiantes; a proiectada—dí o DR. PEREZ BUSTAMANTE.

Esprito galeguista, libros e revistas e compenetración fonda entre lentes e estudiantes—SEIXO.

Lentes: son poucos e algúns deles non moi ben capacitados. E fálalles esprito; os que non moramos en Compostela apenas sabemos da súa existencia. É perciso que se sinte a Universidade en todal-as terras galegas—PEREZ GOMEZ.

Dñeiro, muito dñeiro—CALVET.

Non conozco a Universidade de Compostela—HONTORIA.

Vida e laboura extrauniversitaria—VAZQUEZ.

SI DEBEN INTERVIR OS ESTUDANTES NA VIDA DIREITRIZ DA UNIVERSIDADE

Sí; eu xa o pedin o ano derradeiro—dí o REITOR.

Xa teñen algunha intervención, pro ainda é pequena; deben ispeizar a laboura dos lentes—dí GARCIA SABELL.

Dende logo que sí, craustros, xuntas de goberno, etc.—MORALEJO.

Deben intervir totalmente—MARIANO GARCIA.

É imprescindible a sua intervención—TOSIO.

Si, no réxime ademanistrativo e de impulsión de laboura docente, mais non pra xulgar da competencia dos lentes ainda que poidan promover a sua fiscalización—CARBALLO.

Si; por veces modificando a proporción, pro en principio sí—ARIAS RAMOS.

Por enriba de todo defendeo esta intervención, ainda que soio sexa pra evitar pequenas cronicacions deso que din compafieirismo—MONTEQUI.

Si, pro soiamente nas labouras docentes pra que co seu acicate os lentes traballen mais e millor—IGRESIAS.

Sí, dende logo que sí—BUSTAMANTE.

Deben intervir fortemente, incansablemente—SEOANE.

Sin dúbida ningunha—SEIXO.

Naturalmente—PEREZ GOMEZ.

Está claro que sí—CALVET.

Entendo que non—HONTORIA.

Si, mais nunha intervención condiciodada—VAZQUEZ.

SI FOI BOA, POL-O D'AGORA, A AIUAZON DOS ESTUDANTES

Estou moi satisfeito dela —dí o REITOR—pois cada ano son mais cultos e formaes.

Estou satisfeito da sua aiuazón politeca, da docente, pol-o que vexo na nosa facultade, non. Compre deixar os preteistos das folgas. Que interveñan tanto queiran pro

que traballen. Cada dia veñen pior preparados do bachillerato—MORALEJO.

Non estou moi satisfeito —dí MARIANO GARCIA— Agora é cando comienzan a faguer laboura.

Ainda figuemos pouco, por duas razós;

pol-a pouca eisperiencia e por que Compostela pesa por riba de nós. Debeu manterse a liña revoluzaaria da F. U. E. pro con mais disciplina—GARCIA SABELL.

En principio estou satisfeito, mais compre millorarse—TOBIO.

Coma cidadáns, baixo as ditaduras, figue mos o necesario mais é preciso que nos aturremos de universitarismo en xeito que poida parangonarse co politeco. Compre vincularnos de feito á Universidade nosa e non voltar á sere reflexos das lumiñas que en Madrid queiran acender—CARBALLO.

Ainda non é tempo pra xulgar. Pol-o d-agora estou satisfeito—ARIAS RAMOS.

Discuten pouco cos lentes—MONTEQUI.

Dende que aituan xa non estou na Universidade. Pol-a miña parte vexo que no Istitu-

NÓS

to cada vez é maior o espírito universitario, a cobiza por saber, a arela de adicarse á ciencia pura—IGRESIAS.

Estou satisfeito—BUSTAMANTE.

Figuemos ainda moi pouco—SEOANE.

Quixéramos máis violentos e más libres do pensamento profesoral—SEIXO.

Nestes tempos non sei o que fan na Universidade. En xeral vexo que a xuventude universitaria cada vez ten espírito mais aberto e liberal—PEREZ GOMEZ.

Eu estou moi satisfeito da sua aituazón, coma cidadáns e coma estudiantes—CALVET.

Non sei coal foi a sua laboura nesta Universidade, pro en principio entendo que os estudiantes ainda non están formados—HONTORIA.

Non deberon intervir en politeca—VAZQUEZ.

QUÉ FINS DEBERIA TER A ASOCIACION DE ANTIGOS ALUNOS

Alongar a Universidade—CADARSO.

Todo esto da Asociación é unha farsa. Un xantar anual non supón ren—GARCIA SABELL.

Non sei si pensan faguer algunha cousa pol-a Universidade, sinón non prestan pra nada—MORALEJO.

A Asociación debe encadear as sucesivas xeraciós universitarias pra que non se perda o noso espírito—MARIANO GARCIA.

Deben recollerse nos fins económicos; nada de influenzas das vellas xeraciós—TOBIO.

Poderían faguer cousa boa en contacto co-as altuas asociações, axudándoas co-a sua eisperiencia. Ceremonias estériles con espírito da Casa da Troia, son contraproducentes—CARBALLO.

Esta Asociación debería crear becas na nova residencia, faguer proposta de milloras na xunta de goberno, fornecer elementos de docencia que coma médicos, abogados, etc., etc., poderían auxiliarnos no ensino, e axudar ás prácticas docentes levando

aos nosos alumnos ás suas clínicas e bufetes—ARIAS RAMOS.

Non ten vitalidade; si a tivese, debería traballar pol-a Residencia—MONTEQUI.

Non perdere a continuidade da Universidade; traballar pol-o intercambio de ideas entr-os intelectuais da Terra—IGRESIAS.

Própulsar a laboura educacional e científica—BUSTAMANTE.

Morrer—SEOANE.

Protexer económica e pedagóxicamente aos estudiantes—SEIXO.

A d-agora dóuna por morta. Unha verdadeira Asociación debería crear becas, bibliotecas, impulsar viaxes de estudio, etc.—PEREZ GOMEZ.

Non sei da eisistencia desta sociedade nin do seu regramento nin dos seus fins—CALVET.

Apoiar económica e pedagóxicamente á Universidade—HONTORIA.

Axudar á Universidade: axuda económica e mais pedagóxica—VAZQUEZ.

A OBRA QUE DEBE ACOMETER MAIS URXENTEMENTE A UNIVERSIDADE

A educación integral dos alunos e o remate da residencia de estudiantes—CADARSO.

A galeguización da Universidade—GARCIA SABELL.

Atráquer eiqui a cultura internazonal e logo, apricando os novos procedimentos, faguer a cultura galega—MORALEJO.

Comprestar bibliotecas e laboratorios e re-

matar a residencia de estudiantes—MARIANO GARCIA.

Galeguizarse no senso mais amplo da verba—TOBIO.

Darlle ao país que representa científicamente un espírito universitario, faguer investigadores e capacitarlos pra o exercicio das nosas profesións sin percisar novos estudios. Formar espiritualmente ao país galego—CARBALLO.

Rematar a residencia por que nela hase faguer a educación integral do alumno—ARIAS RAMOS.

Faguer boas bibliotecas. Son anticentralistas por que Madrid fica con todo, superdotándose, e a nós manténnos na maior cativez—MONTEQUI.

Deixar de sere o que é; trocarse nun bó centro politécnico onde, a mais do universitario, se estuden disciplinas de ingeniería, agronomía, etc., etc. Sempre faguendo ciencia galega—IGRESIAS.

A sua socialización. Como esto é imposible, oxe, debería capacitar aos seus estudiantes pra que a socializasen o día de mañán—SEOANE.

Dar cabo, logo, á residencia de estudiantes—BUSTAMANTE.

Acugularse de espírito universitario e galeguista, rematar a residencia de estudiantes, e dotar ás facultades de boas bibliotecas—SEIXO.

Faguer unha cultura e espandila por Galiza—PEREZ GOMEZ.

Posibilitar a vida deportiva dos estudiantes. O estudiante deportista é forte, alegre, vive satisfeito, ten maior vontade de traballar nas aulas—CALVET.

Conquerir a sua autonomía; sin ela non poderá vivir, nin esta nin as outras da Hespanha, esceituada a de Madrid—HONTORIA.

Procurar meios económicos pra cumprimento dos seus fins—VAZQUEZ.

O QUE SUPON A GALEGUIZAZON DA UNIVERSIDADE

Eu entendo por galeguizazón—di CADARSO—estabrecer cadeiras de História, histórica da literatura, economía, xeografía, etc. de Galiza. O conocemento da nosa realidade.

Creio na nazonalidade da ciencia, coma dixo Carracido, non na internacionalidade. Hai nobre orgullo en faguer ciencia nazonal. Xa dixo Unamuno: *que inventen eles*; esto é: que o esencial non é inventar, sinón aproveitarse dos inventos. Na Galiza hai unha nazonalidade, logo debe haber unha ciencia nazonal. Ten de se impreñar a concencia dos nosos estudiantes do que é a cultura galega; esi poderáse logo faguer ciencia, ciencia galega. Si se fai de xeito de outra cultura, da castelá por exemplo, o centralismo continua: Madrid posto en Compostela. Dende logo hai que poñer axiña cadeiras de historia de Galiza, xeografía de Galiza, idioma galego, literatura galega, etc. etc. Logo faguer o noso espírito; pódese dizer en calquier lingua, pro non se di ren sinón se acugulan as verbas do espírito de unha cultura—GARCIA SABELL.

Eu entendo por galeguizazón, faguer en-

sino de literatura galega, histórica de Galiza, etc. Poñer a cultura galega no marco da cultura universal—MORALEJO.

Pra mi galeguizazón é poñer rente dos conocimentos universales e hispánicos o espírito da terra galega, pro non suprantando aqueles principios—MARIANO GARCIA.

Galeguizazón é a fonda penetración no humano galego coma un eco xeito pra afondar no humano universal—TOBIO.

Galeguizazón é estudar os problemas xenerais tendo en conta que os que estudan son galegos; estudar galegamente o universo. Implantar logo cadeiras especiales pra os nosos problemas, e poñerse á servir de idioma natal de acordo coas concusións da Asociación profesional de Estudiantes de Dereito—CARBALLO.

Intensificar os estudos xenerais tendo en conta o dereito, a economía, a historia, etcétera, da Galiza—ARIAS RAMOS.

A Universidade canto mais europea sexa, mais galega será—MONTEQUI.

É impreñarse do nazonal—o galego—pra chegar ao internazonal. En Rusia foi posi-

bre a xuntanza de pobos disconformes respeitando compretamente as suas nazonalidades, concedéndolle a máisima libertade, e dando as maiores posibilidades ao desenrollo das suas culturas—SEOANE.

Galeguizar é faguer esta Universidade máis universal, o más universal posibre—IGRESIAS.

Galeguizar é estudar a realidade máis inmediata da Galiza—BUSTAMANTE.

Apricar á realidade galega os principios fundamentais da cencia universal e crear cadeiras e disciprinas pra resolver os problemas que a nosa vida galega pranteia—SEIXO.

Pra mi Galiza é unha nación perfeitamente definida. Pois ben, pra mi a Univer-

sidade ten de sere o eisponente cultural desta nacionalidade. No intre pareceríame ben darille unha orgaizazón análoga á que agora ten a Universidade de Barcelona—CALVET.

Que todal as manifestacíós da vida galega entren na Universidade e dende ali irradien ao mundo—PEREZ GOMRZ.

Levar á Universidade galega os principios da cultura universal perparando aos seus estudiantes pra afrontar a realidade galega integramente—HONTORIA.

Galeguizar é formar o esprito galego e consolidar o prestixio de Galiza dentro e fora do país, más sempre afastándose de eis-crusivismos perigosos—VAZQUEZ.

Limpo de pasiós por nobres que elas sexan e ao marxeñar de calquera impresión ou arela persoal, prézome do obxetivismo de esta información na que soiamente pretendín descobrir o pensamento, encol dos nosos probremas universitarios, dos homes más sinalados da groriosa escola compostelán. Estes son:

O reitor—RODRIGUEZ CADARSO.

Vice-reitor—MONTEQUI, (castelán).

Segredario—ARIAS RAMOS, (castelán).

Decano de Letras—PEREZ BUSTAMANTE, (castelán).

Un leñe de Letras—MORALEJO, (castelán).

Un de Cencias—CALVET, (catalán).

Dous profesores de Liceo: un galego (IGRESIAS) e outro castelán (A. VAZQUEZ).

Dous profesores de Instituto: un galego (PEREZ GOMEZ) e outro castelán (HONTORIA).

Dous auxiliares da Universidade: un galego (TOBIO) e outro castelán (MARIANO GARCIA).

Un axudante da Universidade, apoliteco: (SEIXO).

O derradeiro presidente da F. U. E. (GARCIA SABEL) e maisl-o actual (CARBALLO CALERO).

Un estudiante, marxista: SEOANE.

Ollase namentras, que a coincidencia no fundamental é suficientemente percisa.



Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

NOVAS CÁNTIGAS E TRIADAS DA PARROQUIA DE PARADELA, NA TERRA DA ULLA (1)

Se ti me quixeras ben
da raís do corazón
viñérasme ver, viñeras,
que as noites ben grandes son.

Quedaches de vir á unha
fai duas que aquí estou,
pensas que non é pecado
enganar quen esperou.

Debaixo da oliveira
non vai frio nin orballo.
Meniña, si has de ser miña
non me deas mais traballo.

Tefio muiño e moe fariña,
tefio forno e coce pan,
tefio unha muller bonita
xa estou feito un capitán.

Traballo é ser casada,
traballo é non-o ser,
traballo é tel-os fillos,
traballo é non-os ter.

Adiós, vista dos meus ollos,
espello do meu mirar;
pégame dos teus traballos,
non-os podo remediar.

Olivardarte a tí por outro
non-o consinte meu peito,
olvidar a outros por tí
eso xa o teño feito.

Maria, paloma mia,
irmán do meu corazón,
serafín do meu alvidro,
morte da miña pasión.

Quérote ben, non hai duda:
enterrarémonos ambos
n-unha mesma sepultura,

Todo se me dá na man
senón a sacha do millo
e mais a sega do pan.

Déixate andar e veremos;
o mundo dá moitas voltas
nós tamén así faremos.

Séntate aquí n-esta pedra;
ou has de casar conmigo
ou has de largar á terra.

Somos de los liberales.
somos unos para otros
compañeritos leales. (1)

Hoxe aquí e mañán na feira,
para míñ non ha faltar
unha vida pasaxeira,

Meu corazón, por onde andas
non hai tinta nin papel
cando me cartas non mandas.

Canta, miña prima, canta,
¡No adro de Paradela
non entra mellor gargantal.

(Recitou Xosefa Neira, de máis de sesenta anos).

F. BOUZA-BREV.

(1) Véxase o «Arquivo Filolóxico Etnográfico» do n.º 90 de esta revista.

(1) É castelán, mais adaptada como triada á música do país.

LÉNDAA DE LOBOS DO CRUCEIRO DA GÁNDARA

No lugar de Cerqueiras da parroquia de Santa Cristina de Vea, concello da Estrada, e de frente da capela da Gándara, adicada á Virxe de Aránzazu, tópase un cruceiro barroco de bô arte popular. Ten no varal de sección poligonal a figura de un fraude francisco con palma na man dereita que ben puidera ser San Antonio ainda que sin neno; na cruz presenta a Cristo encravado, por unha banda, e pola outra á Virxe trufante, cos brazos abertos como no pasamento da Ascensión, con anxos todo o redor.

No basamento ten este epígrafe:

JUAN DE PORTO Y CATALINA DE RIBEIRA SU MUGER PAGARON ESTA OBRA AÑO 1742.

Nunha das faces do varal esta outra bastante comesta xa pol-o tempo:

ANTE ES/TE CRUCE/RO.... VN/.... SALVE/.... APEDIMI/ DE QUIEN/ LO MANDÓ/HACER AÑO/DE 1747.

Os veciños do lugar Francisco Barcala Sinde e Xosé Barcala, de uns corenta e cinco anos, contáronnos a lenda do ergueimento do cruceiro manifestando que, cando o lugar de Cerqueiras era todo unha carballeda, había moitos lobos nél e certo dia leváronse as feras unha meniña filha dos Xan do Porto e Catalina de Ribeira que figuraban na inscripción do cruceiro. Buscaron os pais a nena inzados de dóri sin topala por ningures. Acodiron destancias á Virxe que na capela recibe homeaxe e pregaron acesamentos. Cando voltaron a buscar deron ca nena viva e san acarifiando un lobo morto que a veira tiña. Os pais agradecidos fixeron erguer o cruceiro que ali está.

F. BOUZA-BREY.

CANTO DE PANDEIRO

No lugar de Caxamonde, pertescente á parroquia de Figueiroá, no concello de Paderne, da provincia de Ourense, consérvase o costume de xuntarse mozos e mozas, nos

NÓS

días de dixante, pra facer unha pandeirada. Ó compás do pandeiro van saindo cántigas que teñen grande parentesco cas suas compañeiras de outros puntos:

A seguidas damos ise ramallín de oito, recollidas xa hai tempo, pra que valan inzar a xa grande morea das estudadas:

O mozo que anda no baile
ten un bailar peneireiro;
seica o fai de fantasía
pra que lle ruxa o difeiro.

A moza que anda no baile
ten un bailar moi sutil,
cas pestañas dos seus ollos
fai abanear o candil.

A moza que anda no baile
trae o mandil do revés,
i-o mozo que a acompaña
baila na punta dos pés.

Tocade esa pandeireta
e daille un golpe detrás
pra que salian a bailar
os mozos de Golpellás.

Tocade esa pandeireta
e daille un golpe no meio
pra que salian a bailar
os mozos do parrafeo.

Tocade esa pandeireta
daille un golpe non sei donde
pra que salian a bailar
os mozos de Caxamonde.

Os mozos de Caxamonde
eu vos direi como son:
delgadíños da cintura
da feitura de un cambón.

Tocade esa pandeireta
e daille un golpe na veira
pra que salian a bailar
os mozos de Cascarreira.

Golpellás é unha parroquia veciña, e Cascarreira pertesce tamén á unha parroquia próxima.

X. R. FERNÁNDEZ OXEA.



A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO**



O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QUOS DE PLUMA E LINPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMIENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todol os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Direitores ou o Médico interno

FOTOGRABADO

Si quer quos seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO